



Concello de Vigo

Secretaría de Goberno Local
Expte 782-1102

RESOLUCIÓN SEGUNDO PAQUETE MEDIDAS COVID-19

Por Resolución desta Alcaldía de data 12 de marzo de 2020 acordouse a creación dun Comité de Seguimento de evolución do COVID-19, coa finalidade de analizar a situación e propoñer a implementación das medidas que se estimen necesarias.

Realizada a reunión constitutiva do Comité na mesma data, propuxéronse unha serie de medidas destinadas a minimizar o risco de contaxio do coronavirus COVID-19, e a protección da poboación e dos empregados municipais, partindo das recomendacións efectuadas polas autoridades administrativas sanitarias. En reunión de data 13 de marzo de 2020 e no marco do seguimento continuo e adopción das medidas acaídas en cada intre, resulta precisa adaptar a esta situación a modalidade de prestación de servizos de atención presencial.

No exercicio das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire a esta Alcaldía-Presidencia en canto á dirección da política, o goberno e a administración municipal, así como o establecemento das directrices xerais da acción de goberno municipal e o aseguramento da súa continuidade, contidas no artigo 124.4.a) e c), respectivamente, da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, de conformidade coas medidas previamente adoptadas por esta Alcaldía no marco do seguimento da situación:

RESOLVO

Primeiro.- Decretar, dende do 17 de marzo e ata o 29 de marzo, o peche total da atención presencial das oficinas de servizos administrativos agás aquelas que, polo servizo que prestan, poidan manter atención en servizos mínimos mediante cita previa. Manterase a atención telemática e telefónico no conxunta da administración, publicándose o directorio na web municipal con dito teléfono.

Segundo.- Establecer, en consecuencia, o sistema atención presencial na Casa do Concello con cita previa limitado para as seguintes oficinas:

- .- Oficina de Asistencia en materia de Rexistros
- .- Estadística para labores de altas, modificacións o renovacións padronales y expedición de volante de empadronamiento.
- .- Recadación voluntaria e executiva
- .- Benestar Social
- .- Servizo de Cemeterios

A obtención de cita previa estará dispoñible telefónicamente e no seguinte enlace: https://sede.vigo.org/expedientes/formularios/sol_cita_previa.jsp?lang=es

Terceiro.- Lembrar a posibilidade de tramitación telemática da totalidade dos procedimentos municipais a través da sede electrónica (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/>). Naqueles casos nos que a cidadanía non dispoña de sistema de identificación e sinatura electrónica, poderán obter a carpeta cidadá no Concello (oficina de asistencia en materia de rexistro) mediante a solicitude de cita previa.





Concello de Vigo

Cuarto.- A presente resolución terá efectos a partires do 17 de marzo e ata o 29 de marzo, sen perxuízo da súa ampliación si así o requiren as circunstancias.

Quinto.- Dar publicidade deste acordo mediante todos os medios internos e externos dispoñibles, procurando a máxima difusión á cidadanía.
CCA

O ALCALDE-PRESIDENTE- ABEL CABALLERO ÁLVAREZ.

Dou fe. A SECRETARIA DO GOBERNO LOCAL-M^a CONCEPCIÓN CAMPOS ACUÑA

